



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Anuario de raios 2013*

---

# **DATOS METEOROLÓXICOS 2013**

## **RAIOS**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2013.....</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>COMPARACIÓN ANOS 2011, 2012 E 2013.....</b>	<b>8</b>

**Data edición: 07/02/2014**



## 1 INTRODUCCIÓN

MeteoGalicia conta dende finais de 2009 cun sistema operativo de detección de descargas eléctricas nube-terra que permite a monitorización de treboadas en tempo real. O sistema permite tamén estimar as posibles evolucións a moi curto prazo (*nowcasting*) destes fenómenos.


A rede está composta por catro detectores de raios, un en cada provincia da Comunidade e máis concretamente en Alto do Rodicio (Ourense), Castro Ribeiras de Lea (Lugo), Mabegondo (A Coruña) y Vigo Campus (Pontevedra).



A precisión na localización dos raios nube-terra en Galicia é da orde de 500 m e unha capacidade de detección superior ao 90%.

Para máis información consultar en:

<http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action>






## 2 RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2013

Durante o ano 2013 detectáronse sobre Galicia 10367 raios distribuídos en 58 días de treboada. A media anual de raios en cada día é de 131. Na táboa 1 móstrase a distribución por meses do número de días, o número de raios, os raios/día e as datas de ocorrencia en cada mes.

Mes	Nº Días	Nº Raios	Nº Raios/Día	Datas do mes con treboadas												
Xan	6	347	58	12	13	19	21	22	23							
Feb	6	267	45	10	11	21	22	26	27							
Mar	13	693	53	7	8	9	10	11	12	13	18	22	23	29	30	31
Abr	5	188	38	1	2	11	27	28								
Mai	4	57	14	15	17	18	19									
Xuñ	3	452	151	5	6	7										
Xul	12	5635	470	10	11	12	13	14	15	16	17	19	20	27	28	
Ago	4	13	3	3	11	12	28									
Set	7	1026	147	4	5	7	10	27	28	30						
Out	11	1282	117	2	3	4	13	19	22	23	24	25	28	29		
Nov	4	32	8	1	2	8	16									
Dec	4	375	94	19	24	25	28									
<b>TOTAL</b>	79	10367	131	Táboa 1												



Na figura 1 móstrase a evolución dos días de tormenta ao longo do ano. O maior número concéntrase na primavera, especialmente no mes de marzo cun 16% do total de días. Os meses de xullo e outubro acadaron valores similares con 12 e 11 días, respectivamente.



**Figura 1. Número de días de treboada no ano 2013 en Galicia.**

Na figura 2 móstrase o número de raios por mes en Galicia. Tan só no mes de xullo rexistráronse o 54% do total de raios anuais. Houbo neste mes de xullo 3 días consecutivos nos que se superaron os 1100 raios (13, 14, 15).




Figura 2. Número de raios no ano 2013 en Galicia.

Tendo en conta a distribución por provincia (ver figura 3), o maior número de raios rexistrouse sobre Ourense (4931), logo sobre Lugo (3143), séguelle A Coruña (1440) e finalmente Pontevedra con 853.





Figura 3. Distribución de raios por provincia.



Na figura 4 móstrase a distribución por concello do número de días de treboada. Na provincia de A Coruña os concellos con maior número de días foron Ortigueira con 13 e Vimianzo con 12, en Lugo, Monforte de Lemos con 13, en Ourense, Lobios con 13 e en Pontevedra, Rodeiro con 12.



**Figura 4. Número de días de treboada en 2013 por concello.**



Tendo en conta o número de raios rexistrados en cada concello e a súa superficie, calculouse a densidade (raios/km<sup>2</sup>) en 2013 (figura 5). Na provincia de A Coruña o concello con maior densidade foi A Capela, con 0.9. En Lugo, Monforte de Lemos con 1.7, en Ourense, Vilamartín de Valdeorras con 2.2 e en Pontevedra, Catoira con 0.7.




Figura 5. Densidade de raios en 2013.





### 3 COMPARACIÓN ANOS 2011, 2012 E 2013

No ano 2012 a rede rexistrou 11493 raios sobre Galicia, sendo este un valor moi inferior ó rexistrado no ano 2011. En 2013 esta cifra seguiu baixando ata un valor de 10367 raios. Se ben, no gráfico obsérvase que na provincia de Ourense o número de raios rexistrados aumentou considerablemente.

